



5 razóns para estudar Dereito

... e 5 razóns para facelo no Campus de Ourense

1. **Porque** ningún outro título universitario che ofrece tan variadas e boas saídas profesionais.
2. **Porque** te converterás nun/nunha profesional versátil e polivalente.
3. **Porque** a titulación che permitirá coñecer mellor o mundo no que vives.
4. **Porque** aprenderás a realizar trámites legais e a defender os teus dereitos e os dos/das demais.
5. **Porque** cos teus coñecementos contribuirás a construír unha sociedade máis xusta.

¹ Datos do Consello Social da Universidade de Vigo

6. **Porque** aprenderás con profesores/as altamente cualificados, traballando en pequenos grupos, con atención personalizada, co apoio dunha excelente biblioteca e de novas tecnoloxías (aulas con conexión wifi, préstamo gratuito de ordenadores portátiles etc.) e nunha facultade co seu sistema de garantía da calidade certificado.

7. **Porque** atoparás unha variada oferta académica, que inclúe estudar dous graos (Dereito e ADE) en cinco anos e incorporar no título oficial de graduado/a unha destas dúas mencións: Dereito xudicial ou Unión Europea e desenvolvemento sostible (únicas no sistema universitario de Galicia).

8. **Porque** estudarás nun campus urbano, cómodo, moderno e perfectamente integrado na cidade, que che ofrece excelentes oportunidades para compaxinar o estudo con deporte, cultura, lecer etc.

9. **Porque** poderás realizar prácticas en institucións e despachos, recibir a formación e atención que necesitas e formar parte dunha comunidade universitaria sumamente activa e que conta coa colaboración das institucións para organizar múltiples actividades, como simulacións de xuízos.

10. **Porque** ao redor do 80 % dos nosos titulados/as traballan en postos directamente relacionados coa súa formación académica (unha das porcentaxes máis elevadas da universidade).

dereito.uvigo.es
Facultade de Dereito
Campus universitario
32004 Ourense